



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Exp: 64/2023

CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOCE PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS, PARA O PROXECTO “CONTRATACIÓN PERSOAL PLAN CONCELLOS 2023, DENTRO DO PLAN DE CONCELLOS 2023 – LIÑA 3 SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Vista as bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de obras e servizos (Plan Concellos) 2023, publicado no BOPPO nº208, do 31 de outubro de 2022, e en particular a liña 3 “Emprego para conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais.

Vista concesión da subvención con nº de rexistro de entrada 2023-E-RC-1 da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 02/01/2023.

De acordo coas atribucións do meu cargo que me confire a Lei 7/85 reguladora de Bases de Réxime Local,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar as seguintes bases e convocatoria para a contratación laboral temporal de DOCE prazas de PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS, dentro do plan de obras e servizos municipais (plan de concellos 2023- liña 3) da Deputación Provincial de Pontevedra, para o proxecto “contratación persoal plan concellos 2023”.

Base primeira.- Obxecto

A Deputación de Pontevedra concedeu ao Concello de Pazos de Borbén, unha subvención para levar a cabo a contratación de persoal a través do Plan de obras e Servizos (Plan Concellos 2023) na súa liña 3: “emprego para a conservación e funcionamentos de bens e servizos municipais”.

Base segunda.- Tipo de contrato.-

Estas bases regulan o proceso de selección para contratar, con carácter laboral temporal de duración determinada.

- NOVE PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS.

Duración do contrato: 6 (SEIS) meses con xornada laboral de 30 horas semanais
Categoría profesional : peón/operario/ axudante, grupo de cotización 10, código de ocupación D.

As retribucións salariais brutas, incluídas as prorratas das pagas extras, segundo o Salario Mínimo Interprofesional :

- Salario bruto incluídas as pagas extras=933,33€
- S.S. a cargo da empresa...=352,80€

Base terceira.-Prazas.-

DOCE prazas de PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS dentro do plan de obras e servizos municipais (plan de concellos 2023- liña 3) da Deputación Provincial de Pontevedra, para o proxecto “contratación persoal plan concellos 2023”.





Base cuarta.-Publicidade do procedemento.-

Para garantir o principio de publicidade, ademais da solicitude de oferta a Oficina do Servizo Público de Galicia, publicaranse as bases desta convocatoria, listado das persoas remitidas polo SEPEG e o listado de seleccionados na páxina web institucional www.pazosdeborben.org, na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>, así como no taboleiro de anuncios sito nas dependencias do Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén).

Base quinta.-Requisitos dos aspirantes.-

Para seren admitidos a realización do proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán posuír na data de finalización da presentación de solicitudes, e manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

- a) Ter cumprido dezaseis (16) anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño da tarefas propias do posto.
- c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que impidan ou sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- d) Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa administración Pública.
- e) Non haber sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.

Base sexta.- Requisitos a cumprir segundo a subvención pola cal se solicita os fondos:

De acordo coa subvención, o Concello de Pazos de Borbén debe contratar persoas desempregadas, inscritas no Servizo público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego (tanto no momento da selección como no da formalización do contrato), para o cal débese presentar a correspondente oferta na oficina pública de emprego, cos modelos normalizados para os efectos, facendo referencia aos requisitos que deben reunir as persoas que sexan contratadas para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo, segundo a base 8.3 do devandito plan, liña 3.

“As traballadoras e traballadores que se contraten para realizar as obras ou prestar os servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e que estean dispoñibles para o emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o Concello poida levar a cabo. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.





Os concellos beneficiarios da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación da correspondente oferta na oficina pública de emprego, cos modelos normalizados para os efectos, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas que sexan contratadas para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, coa obriga de presentar unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación”

Base sétima.-Prazo de presentación das solicitudes e documentación.-

Os aspirantes que se relacionen no listado remitido polo SEPEG, poderán presentar a súa solicitude en instancia dirixidas ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Pazos de Borbén, **anexo I, ata o día 27/01/2023**. O SEPEG notificará aos candidatos da lista para que os que desexen presenten a solicitude e documentación correspondente aos criterios de inserción socio-laboral. Ademais o Concello de Pazos de Borbén publicará na páxina web institucional www.pazosdeborben.org, na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>, así como no taboleiro de anuncios sito nas dependencias do Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén) o listado de candidatos recibidos.

A instancia deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

- a) Copia auténtica do DNI.
- b) Copia auténtica da tarxeta de demandante de emprego.
- c) Declaración xurada de cumpri-los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade previstas na lexislación vixente, incluída na solicitude.
- d) Documentación xustificativa dos criterios socio-laborais de inserción

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello (Lugar de Pazos nº52. 36841 Pazos de Borbén) en horario de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres, ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo funcionario de correos antes de ser certificadas. No caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do Concello, a persoa aspirante deberá dirixir por fax, ao número 986.49.71.46, unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo do solicitude, aos efectos de que poida ser incluída na relación de aspirantes ao proceso.

Base Oitava.- Procedemento de selección.-

O proceso de selección contará con dúas fases segundo o punto 8.3 das bases reguladoras e convocatoria do plan de Concellos 2020 liña 3 :

Fase A: consistirá nunha valoración de criterios de inserción socio-laboral, segundo a base 8.3, das bases reguladoras e convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan concellos) 2022, publicado pola Deputación de Pontevedra, coas seguintes puntuacións:





A. VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO 1,20 PUNTOS

A muller vítima de violencia de xénero (de se-lo caso) acreditarase consonte a seguinte documentación:

- Fotocopia da certificación da orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na lei.
- Informe dos servizos sociais, sanitarios de administración pública, autonómicos ou locais.
- Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Calquera outro establecido regulamentariamente.

B. MAIORES DE 45 ANOS 1,10 PUNTOS

O criterio de ser maior de 45 anos (de se-lo caso) acreditarase co DNI.

C. PERSOAS QUE ACREDITEN UNHA DISCAPACIDADE SUPERIOR AO 33%, 1,05 PUNTOS

Este criterio acreditarase co certificado correspondente.

D. AS PERSOAS CANDIDATAS QUE FORMEN UNHA FAMILIA MONOPARENTAL CON FILLOS OU FILLAS O SEU CARGO: 1,00 PUNTO

O criterio de ser familia monoparental con fillos o cargo (de se-lo caso) acreditarase coa fotocopia do libro de familia.

E. AS PERSOAS CON NIVEIS DE RENDA MAIS BAIXAS: MÁXIMO 0,90 PUNTOS

Os ingresos da unidade familiar acredítanse mediante certificado da declaración do IRPF do último exercicio fiscal (2021), mediante a seguinte fórmula (casiña 435 + casiña 460 - casiña 595) coas seguintes consideracións:

- O resultado obtido dividirse polo número de membros que forman parte da unidade familiar.
- O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF e polo tanto só se poñen os dous proxenitores se están casados e as persoas descendentes só se terán en conta se son menores de 18 anos.

	RENDA PER CÁPITA FAMILIAR	PUNTOS	
F.	0€ – 1.200,00€	0,90	POR
	1.201,00€ – 2.400,00€	0,80	
	2.400,01€ – 3.600,00€	0,60	
	3.600,01€-4.800,00€	0,40	
	4.800,01€ - 6.000,00€	0,20	
	+ 6.000,01€	0	

CARGAS FAMILIARES

Acreditarase coa fotocopia do libro de familia, certificado de convivencia e declaración responsable de que a persoa que está a cargo non percibe ingresos, segundo o caso.





- Por ascendente a cargo. 0,1 puntos.
- Por fillo ou filla menor de idade . 0,1 puntos
- Por dous ascendentes a cargo . 0,2 puntos
- Por dous fillos ou fillas menores de idade a cargo. 0,20 puntos
- Por tres fillos ou fillas menores de idade a cargo. 0,3 puntos
- Por conxuxe a cargo. 0,1 puntos.

Fase B: Proba práctica, de carácter obrigatorio. Consistirá nunha proba práctica relacionada coas tarefas a desempeñar no posto de traballo. Esta proba terá como finalidade a avaliación de competencias e destrezas profesionais dos aspirantes a hora da súa adecuación o posto de traballo e terá unha valoración máxima **de 4 puntos**. A proba práctica realizarase o 30 de xaneiro de 2023 as 10:00 na nave do Concello de Pazos de Borbén, mediante unha hora concreta que se especificará nos listado dos candidatos.

Os aspirantes deberán acudir as probas provistos do DNI nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que for a causa que lles impedira acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal.

A participación neste proceso selectivo suporá, por parte dos solicitantes, a súa aceptación a formar parte da devandita lista enviada polo SEPE, nos termos da normativa vixente de protección de datos de carácter persoal, previstos na **Lei Orgánica Ley Orgánica 3/2018, de 5 de deciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales**, e informámoslle que os seus datos persoais serán rexistrados nos ficheiros automatizados do **CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN “FICHEIRO DE SELECCIÓN DE PERSOAL” (BOPPO N°98, 23/05/2012)**, coa finalidade de xestionar a súa solicitude no proceso de selección. Mediante a facilitación dos seus datos persoais, os titulares dos mesmos consenten expresamente o tratamento dos mesmos coa finalidade de levar a cabo a tramitación do proceso selectivo no que solicita participar e xestionar a lista de reserva, chamamentos e nomeamentos que se deriven da mesma. Os seus datos non poderán ser cedidos, salvo cesións previstas na Lei. En todo momento poderá usar os seus **dereitos de acceso, cancelación, rectificación, oposición** mediante un escrito dirixido a Concello de Pazos de Borbén, Rúa Pazos nº 52 - 36841 - Pazos de Borbén (Pontevedra) ou por e-mail a concello@pazosdeborben.org , achegando en ambos os casos copia do D.N.I.

Si algunha das persoas incluídas na oferta solicita que non se inclúan os seus datos no citado ficheiro non poderá continuar no proceso de selección.

Base novena.-Tribunal cualificador.-

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo designarase de conformidade co disposto no artigo 60 do TREBEP e 59 da lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e estará composto polos seguintes membros.

Un presidente: Alejandro Reguera Varela
Secretaria: María Begoña Tellado Míguez (con voz e voto).
Tres vogais:





- 1º Jose Antonio Lorenzo Pérez
- 2º Roberto Carlos Costa Tellado
- 3º David Rial Sobrino

Suplentes:

Presidente: María del Rosario González Sánchez
- Secretario: Silvia Suárez Martínez

Vogais suplentes:

- Raquel Villaverde Acuña
- Vanesa Boullosa Peralba
- Jose Manuel Soto Virulegio

Os integrantes do tribunal serán designado polo concello de Pazos de Borbén. Tódolos vogais do Tribunal Cualificador deberán ter nivel de titulación académica ou de especialización profesional igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas obxecto desta convocatoria.

Os/as membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó Alcalde cando concorran neles algunha circunstancia previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da citada Lei 40/2015.

Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as indemnizacións pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida e de conformidade co previsto no 29 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de Indemnizacións por razón de servizo.

Base décima.- Relación de aprobados e recursos.-

A listaxe de seleccionados para contratación será publicada na páxina web institucional www.pazosdeborben.org, na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>, así como no taboleiro de anuncios sito nas dependencias do Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén).

As aclaracións e/ou revisións das cualificacións outorgadas polo Tribunal cualificador solicitaranse por escrito ao mesmo. Contra a acta de valoración de méritos do Tribunal poderá interpoñerse recurso de alzada anta a alcaldía-presidencia de conformidade co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Base décimo primeira.- Lista de reserva.-

Rematado o proceso selectivo, o grupo de traballo elaborará unha lista de reserva, con validez de cinco meses contados dende o inicio da contratación obxecto destas bases.

Base décimo segunda.- Carácter vinculante das bases e incidencias

As bases desta convocatoria vinculan a administración municipal, o tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo. O tribunal





queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderá optar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Base décimo terceira.- Disposición final.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven dela e das actuacións do tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. A administración Municipal tamén poderá, no seu caso, revisalas resolucións do tribunal segundo o previsto na Lei 39/2015.

Segundo.- Solicitar o SEPE segundo o artigo 8.3 das bases reguladoras e convocatoria do plan de obras e servizos (plan concellos) 2023 "...solicitarán os traballadores que necesiten mediante a presentación da correspondente oferta na oficina pública de emprego cos modelos normalizados para os efectos, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas que sexan contratadas...", **solicitando 3 persoas por posto.**

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE NOVE PRAZAS DE PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS, DENTRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS (PLAN CONCELLOS 2023-LIÑA 3) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Nome _____ Apellidos _____

DNI _____ Data de nacemento _____

Enderezo _____ Nº _____ Piso _____

Poboación _____ Provincia _____ C.P. _____

Teléfonos de contacto: _____ / _____

E-mail : _____

Documentación:

- COPIA AUTÉNTICA DO DNI
- COPIA AUTÉNTICA DA DAMANDANTE DE EMPREGO
- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS SOCIO-LABORAIS

o _____

o _____





O _____

Así mesmo declaro por medio da presente e baixo a miña responsabilidade que :

- a) Posuír a capacidade funcional para o desempeño da tarefas propias do posto.
- b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que impidan ou sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- c) Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa administración Pública.
- d) Non haber sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas

Información básica sobre protección de datos

Responsable: Concello de Pazos de Borbén

Finalidade: Tramitar procedementos e actuacións administrativas.

Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.

Destinatarios: Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.

Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.

*Información Adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección:
<http://pazosdeborben.sedelectronica.gal/privacy>*

PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables

Firma

En Pazos de Borbén, _____ de _____ de 20__





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

En Pazos de Borbén,

**RESOLUCIÓN ASINADA POLO ALCALDE MEDIANTE CERTIFICADO
ELECTRÓNICO, NA DATA QUE FIGURA NA MESMA SINATURA,
EXTENDIDA AO MARXE DO DOCUMENTO.**

**DOU FE. O SECRETARIO-INTERVENTOR, MEDIANTE FIRMA DIXITAL AO
MARXE.**

